

PROJECTO MIÑO

BALDO MARTÍNEZ GRAND ENSEMBLE



Para Baldo Martínez este proxecto trata da posta en escena de nove músicos que, cunha variedade tímbrica moi sorprendente, desenvolven, coa linguaxe do jazz contemporáneo, unha música inspirada nas músicas tradicionais que xorden arredor do Miño, na súa zona limítrofe entre Galicia e Portugal. Este proxecto nace como un encargo do Festival Internacional de Jazz de Guimarães, en Portugal, un dos máis destacados dentro das correntes do jazz europeo actual. Presentouse no mencionado festival, onde obtivo un notable éxito, igual que en todas as súas posteriores presentacións.

O proxecto gravouse en 2007 e o disco alcanzou importantes críticas da prensa especializada e moi boa acollida por parte do público. En 2008, foi finalista para os Premios da Música que outorga o Ministerio de Cultura e resultou escollido como mellor disco español do ano pola crítica da revista *Cuadernos de Jazz*.

Contido e antecedentes

Os músicos que participan neste proxecto teñen un amplo currículo e destacan dentro do panorama do jazz internacional, como é o caso da cantante portuguesa María João -con quen se contou para a súa estrea-; tamén o saxofonista español Alejandro Pérez, un dos máis destacados no seu instrumento no panorama jazzístico deste país; Pedro López, percusionista moi relevante nos últimos anos na música improvisada en Europa; Germán Díaz, músico ligado ás músicas tradicionais; David Herrington etc.

Actualmente, colabora como músico invitado o zanfoñista francés Valentín Clastrier; e as partes a cargo da voz son da cantante Maite Dono, quen sorprende, ademais, pola súa capacidade de improvisación.

As composicións, todas orixinais, están baseadas en cancioneros de música tradicional arredor do Miño, do norte de Portugal, de Pontevedra, de Ourense e de Zamora. O resultado é unha música persoal enmarcada dentro das correntes actuais do jazz europeo cunha raíz autóctona moi forte.

Algunhas das referencias que se poden ter de proxectos similares son os discos do zanfoñista Valentín Clastrier, en que colaboran músicos do ámbito de jazz como Louis Sclavis; tamén o saxofonista alemán Michael Riessler. Un proxecto moi similar en esencia é o do contrabaixista Arild Andersen e que leva por título *SAGN*, onde colabora a cantante Kirsten Braten Berg, e en que se empregan tanto textos tradicionais como composicións baseadas na música tradicional.

O Projecto Miño baséase nun conxunto de pezas diversas de música tradicional onde se reflicte máis claramente o espírito deste proxecto. O repertorio complétase con outros temas, uns baseados en letras tradicionais e outros totalmente orixinais, e en todos se traballa con diversos dúos, así como coa banda ao completo.

Os compoñentes

BALDO MARTÍNEZ: contrabaixo, composición e dirección

MAITE DONO: voz

GERMÁN DÍAZ: zanfona

CHIAKI MAWATARI: tuba

DAVID HERRINGTON: trompeta e fiscorno

ANTONIO BRAVO: guitarra eléctrica

ALEJANDRO PÉREZ: saxos tenor e soprano, clarinete

PEDRO LÓPEZ: batería e percusión electrónica

LUCÍA MARTÍNEZ: vibráfono e percusión

BALDO MARTÍNEZ

Contrabaixo, dirección e composición.

Baldo Martínez é un dos músicos españois con maior personalidade e proxección, afastado das correntes do jazz americano e moi na liña do jazz europeo actual, de aí un dos seus proxectos por encarga do Festival Internacional de Jazz de Guimarães (Portugal), PROYECTO MIÑO, no que participaron músicos como Maria João, e os comentarios de prensa a raíz da edición dos seus dous últimos discos *-NAI* e *TUSITALA-que consideran o grupo que lidera "dos máis interesantes na actualidade e comparable en calidade aos mellores de Europa"*. Nas súas colaboracións europeas, cómpre destacar a súa continua colaboración coa cantante portuguesa María João ou, recentemente, co saxofonista barítono italiano Carlo Actis Dato, tanto a dúo coma en formacións máis grandes, así como a do músico francés Valentin Clastrier, o trompetista Kenny Wheeler ou o seu traballo xunto a Joachim Kühn: Baldo Martínez e o baterista Ramón López, integran o IBERIA TRIO, un dos últimos proxectos do pianista alemán.

E tamén xunto a Ramón López e o pianista Agustí Fernández, iniciou a andaina de Tri-EZ, un trío que se presentou en París o pasado outono e do que a crítica francesa dixo: "Desde o primeiro momento da actuación queda clara a confabulación entre os músicos e o trílogo convértese en apaixonante".

Membro fundador de importantes grupos na historia do jazz español (Clunia, Zyklus...), tamén colaborou con outros destacados músicos do panorama nacional e internacional: Jorge Pardo, Bob Moover, Tom Gullion, Mike Rabinowitz, Chano Domínguez, Perico Sambeat, Ángel Louro, Gilad Atzmon etc.

A súa inquietude polas iniciativas que achegan novidades á música mereceu que o xornal *El Mundo* o considere "a nova cara do jazz" e que na *Guía do jazz en España* apareza como un destacado músico dentro do campo da experimentación e das músicas de fusión. Foi destacado tamén no suplemento especial de cultura, *BABELIA*, dos 25 anos do diario *El País*, como un dos músicos españois que sobresaen no panorama do Jazz Europeo. O primeiro disco de Baldo Martínez como líder do seu propio grupo, titulado *No País dos Ananos* recibiu unha moi calorosa acollida tanto por parte da prensa coma do público en xeral. A revista *Cuadernos de Jazz* considerouno **o segundo mellor disco do ano 1996**. A aparición deste grupo co seu primeiro disco foi unha sorpresa para os afeccionados e críticos de jazz en España

En 1998, publícase o seu segundo disco como líder: *Juego de niños*, que foi considerado entre os cinco mellores discos de Jazz español de 1998, e en que colaboran músicos como o trompetista David Herrington, o tablista Nirankar Khalsa e o saxofonista Alejandro Pérez; a sección rítmica é a mesma do anterior disco. Unha das achegas máis novidosas é a de Carlos Beceiro, cun instrumento folclórico moi particular, a zanfoña.

Baldo Martínez levou a súa música por diversos países (Francia, Portugal, Marrocos, México, Alemaña e Polonia na pasada primavera) e actou en diversos festivais. Hai que destacar a súa participación na exposición *Cinco séculos de arte española* realizada no Museo de Arte Contemporánea de París; e a presentación dun dos seus discos no Festival Internacional de Jazz- JAZZEBRE (Francia).

Na actualidade, forman o seu quinteto destacados músicos da escena nacional: o guitarrista revelación dos últimos anos, o tamén galego Antonio Bravo; na trompeta o británico afincado en España David Herrington, e na batería e percusión electrónica unha dos músicos máis imaxinativos, Pedro López, que tamén compartiu o grupo Zyklus con Baldo Martínez.

DISCOGRAFÍA SELECCIONADA

* <i>Clunia Jazz</i>	Clunia	(Citola, 1983)
* <i>XVIII Jazz Festival of San Sebastian</i>	Clunia	(IZ, 1983)
* <i>Afuera Periodísticas</i>	Clunia	(Jazz-Stop, 1984)
* <i>XX Jazz Festival of San Sebastian</i>	Maria João	(IZ, 1985)
* <i>Rua Ceqa</i>	Clunia	(Edigal, 1986)
* <i>XXI Jazz Festival of San Sebastian</i>	Baio Ensemble	(IZ, 1986)
* <i>Interface</i>	Zyklus	(Música Sin Fin, 1991)
* <i>Temura</i>	Javier Paxariño	(Nuba, 1994)
* <i>Nude</i>	Zyklus	(Hyades Arts, 1994)
* <i>Carpediem</i>	Clunia	(Sons Galicia, 1995)
* <i>Esquizodelia</i>	Clónicos	(Triquinoise, 1995)
* <i>No Pais dos Ananos</i>	Baldo Martínez	(Karonte, 1996)
* <i>JazzHondo</i>	Angel Rubio & La banda del Foro	(W.M., 1998)
* <i>Núcleo</i>	José Luis Gutierrez	(Fresh Sound, 1998)
* <i>Juego de niños</i>	Baldo Martínez	(Karonte, 1998)
* <i>Distant worlds</i>	Black Market	(W.M., 2000)
* <i>Nai</i>	Baldo Martínez	(Karonte, 2001)
* <i>Entremares</i>	Alberto Conde	(Karonte, 2003)
* <i>Zona Acústica I</i>	Baldo Martínez	(Xingra, 2003)
* <i>Tusitala</i>	Baldo Martínez Grupo	(Karonte, 2005)
* <i>Folklore Imaginario</i>	Baldo Martínez & Carlo Actis Dato	(LEO 05)
* <i>Proyecto Miño</i>	B.Martínez Grand Ensemble	(Karonte 2007)

cuadernosdejazz.management
management@cuadernosdejazz.com

Tel.: 913 080 302